



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE APROBA O REGULAMENTO TÉCNICO ESPECÍFICO DE PRODUCCIÓN INTEGRADA DE INDUSTRIAS DE ELABORACIÓN DE VIÑO.

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, respecto do proxecto de Orde pola que se aproba o regulamento técnico específico de produción integrada de industrias de elaboración de viño, esta Secretaría Xeral Técnica emite o preceptivo:

INFORME

1.Marco normativo e competencial

O título competencial da materia examinada régulase no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 30.1.3 que atribúe a esta Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, sen prexuízo do disposto no artigo 148.1.7, da Constitución.

O Decreto 68/2004, do 11 de marzo, sobre a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios defínese a produción integrada como un sistema de produción agraria, que utiliza ao máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais mediante a introdución de tecnoloxías respectuosas co medio, asegurando unha produción de alta calidade e salubridade contrastada, a rendibilidade da explotación e a eliminación ou redución de insumos exteriores e de fontes contaminantes, cuxos requisitos deben recollerse nun regulamento técnico que establecerá as normas técnicas a seguir desde a fase de obtención ata a posta a disposición do consumidor.



Segundo o artigo 7.1 do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. (DOG Núm. 220 Mércores, 18 de novembro de 2015) corresponde á esta secretaría xeral técnica o estudo e seguimento das propostas de disposicións que elaboren os distintos centros de dirección da consellería

2. Acerto e oportunidade

A finalidade desta orde é a aprobación dun regulamento técnico que establecerá as normas técnicas a seguir desde a fase de obtención ata a posta a disposición do consumidor, garantindo no seu sistema produtivo a rastrexabilidade das producións agrarias, aplicando os principios de control ao longo de toda a cadea de produción de alimentos, permitindo verificar en calquera punto das fases produtivas o cumprimento da aplicación das prácticas respetuosas co medio natural, así como a seguridade e calidade do produto.

A presente orde, sen esquecer a existencia da orde do 21 de xuño de 2005 pola que se aprobou o Regulamento técnico específico de produción integrada de viñedo, busca mellorar o recoñecemento e as esixencias dos viños elaborados con uva de produción integrada mediante o regulamento técnico específico, implicando a apertura dunha sección correspondente ao viño no Rexistro Oficial de Produción Integrada, permitindo ademais que a aqueles operadores que cumpran estas normas poidan empregar a identificación de garantía de produción integrada da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Estrutura e contido

O proxecto de orde está formado por un preámbulo, un so artigo, unha disposición adicional, dúas disposicións derradeiras e un anexo no que figura o regulamento técnico



de produción integrada de industrias de elaboración de viño e co seguinte contido e estrutura:

Preámbulo.-No que se explica o contido do proxecto.

Artigo único. Obxecto

Disposición adicional

Disposición derradeira primeira. Entrada en vigor

Disposición derradeira segunda.

Anexo: regulamento técnico de produción integrada de industrias de elaboración de viño

Finalmente, prevese que a norma entre en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración da orde asinada pola persoa titular da Consellería do Medio Rural (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería do Medio Rural (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería (Portal de transparencia e goberno aberto), na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Con data 6 de setembro de 2016 emítese certificado no que se sinala que durante o período comprendido entre o 8/8/2016 e o 1/9/2016, en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, expúsose o texto da norma publicamente na fase “En prazo de envío de suxestións” do portal de Transparencia e Goberno Aberto, sen que se achegaran suxestións.

No trámite de audiencia remitiuse o texto aos consellos reguladores de Monterrei, Valdeorras, Ribeiro, Rías Baixas e Ribeira Sacra. Unha vez vistas e analizadas as alegacións formuladas á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da consellería do Medio Rural, emite a correspondente memoria de 14 de xuño de 2016 onde se xustifica a aceptación ou rexeitamento das mesmas e se procede en tal sentido a adaptar o texto do proxecto.

Na tramitación do anteproxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, emitíronse os seguintes informes:

-Informe da Asesoría Xurídica do 5 de agosto de 2016.

5. Legalidade



O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da consellería do Medio Rural.

De acordo co indicado e logo da proposta elevada pola subdirectora xeral de Réxime xurídico-administrativo, considerase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, **18 AGO. 2016**

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero

